

# “A poesía de María Mariño. Un camiño novo”.

Artigo de Xosé Luis Méndez Ferrín

Artigo de Xosé Luis Méndez Ferrín publicado en La noche o 2 de marzo de 1965



**Consello da Cultura Galega**  
Sección de Filosofía e Pensamento  
Comisión Técnica de Xénero

de la concepción...  
tra rápida vista al mesón.

ahí Arcadio seguirá jugando a la lotería o a las quinientas de la poesía...

# ARTES Y LETRAS

## A poesía de María Mariño

### e 2.- UN CAMIÑO NOVO

FOR X. I. MENDEZ FERRIN

A poesía galega de hoxe é monotona, monótona. Parece sustentarse, con rara unanimidade, nun cunto suicida do propio embigo. Os presupostos filosóficos sobre os que se asenta, correspondense cunha idea da lírica como expresión da Divina Saudade. Os nosos poetas parecen eu dir que viven nun detriminado contexto social, arredoados de outros homes e tamén de animás e cousas. Eles solo coñecen a primeira persoa de singular dos verbos galegos: eu son, eu estou, eu suiro moito, eu non sei, eu, eu, eu. Non é pois estrano que os lectores se desinteresen en masa desta poesía egoítrica, egoísta; quizaves porque son tamén egoístas e lles gusta que o poeta mire pra eles. Pero María Mariño non vai por ese camiño. Ela é unha creadora xenial e o seu rumbo supón un viraxe en redondo na navegación escorada da nosa poesía.

María Mariño é quizais un artista luxénuo, primitivo. Está moi louxe disa cousa discriminadora e clasista que chaman "espíritu universitario". E espontánea. E isto unha tara, un handicap? Non, decididamente, no caso seu. A falla caseque ansiosa de influencias literarias (a de Novoneyra é insignificante) favoreceu certa torpeza do seu verso (de patrón octosilábico e popular, disfrazado en liñas longas) pero permitiulle espiar sin freno as súas posibilidades de autoaniquilación. Permittiulle, quizais sin sabelo, coincidir con Antonio Machado en que poesía "es palabra en el tiempo". Como en Jorge Manrique, o tempo é vivido radicalmente. Cada poeta grande é un definidor do tempo. Pra María Mariño o tempo é unha dislocación solo aparente do ser. Pasado e presente, armonízanse nunha síntese superior. Ela pode decir que "hoxe" é "ontem" e soldar asim rexamente o transcurso do tempo i en certo xeito inmovilizado.

E non solo Machado, tamén Keats pode ilustrarnos a súa maneira poética. Dixo o grande

lírico: "un poeta é a cousa máis impoética que hai, porque non ten identidade; está decote animando e enchendo algún outro corpo". Cumpresa cita de grandes espíritos. María Mariño é a cousa máis impoética do mundo, porque é poeta. Carece de identidade, o seu eu é fluído. Continuamente a súa personalidade se nos vai das mans, fuxe, vai cara as cousas, cara o mundo. Cara lles fenómenos que non poden ver os poetas ípsistas, porque pasan a vida falsificando unha imaxe decorativa de si mesmos. María Mariño dá vida á materia, á natureza, ao mundo. Fala por boca do mundo e fai que o mundo entone o himno de ela. Máis que ser impresionada polas cousas, ela dálles a súa entidade, entrégase a elas, xenerosamente dissolve a súa persoa nas cousas. Nalgúns intre, confesa a existencia de un poder domeador que a torce e a anula.

Moi cercana de certas formas da mística relixiosa, a vivencia radical de María Mariño é a da aniquilación. Pero ollo, o ser de ela non vai a fundirse no ser. Non se trata de unha "unión". Son as cousas materíais as que sorben o ser de María Mariño e a poseen. A intimidade dos poetas intrascendentes, é agora unha negación da Saudade, tal como foi descrita polo pensador idealista Ramón Piñeiro. Non hai sociedade ontolóxica, hai comunidade coas cousas e mesmo unha misteriosa sumisión ao seu poder. Non hai posesión de si mesmo, o poeta é poseído. Oíamose e meditemos estas palabras de entrega. Nelas se describe o estado último da anulación.

Sinto que me acaban.  
Sinto que me dan forza,  
Son o humor da nada.  
Son o que se lle antoxa.

Lembra algún erudito palabras semellantes en toda a historia da literatura galega?